

### Sendeiros por Cabana de Bergantiños

#### ESPECIFICACIONES

**Percurso circular**  
**Punto de partida e chegada:**  
 Café-bar Jarela (A Mata)  
**Longitude:** 9.5 km  
**Duración aproximada ida e volta:** 3.5 horas  
**Dificultade:** media

Este percorrido transcorre por un interior de Cabana de Bergantiños que amosa curtos vales, elevadas altitudes e importantes elementos patrimoniais entre os que salientan arquitecturas defensivas como a Torre da Penela ou a mellor retabla barroca do concello no parroquial de San Martiño.

Por terras do antigo condado de Penela, berce da nobre familia Riobó, as aldeas se espardan pequenas e conformadas por un escaso número de vivendas debido á pouco terreo cultivable e á enorme ocupación dos bosques.

O ser humano deixou aquí unha pegada tan lonxeva que permanece no tempo en entornos etnográficos como o dos muíños de Os Abeláns, o sacro-arqueolóxico de San Brais de Folgoso ou o espazo fluvial do Pozo da Horca.

#### ESPECIFICACIONES

**Reservado circular**  
**Punto de partida e chegada:**  
 Café-bar Jarela (A Mata)  
**Longitude:** 9.5 km  
**Duración aproximada ida e volta:** 3.5 horas  
**Dificultade:** media

Este reservado viaja por un interior de Cabana de Bergantiños que presenta curtos vales, elevadas altitudes e importantes elementos patrimoniais entre os que destacan arquitecturas defensivas como a Torre da Penela e o mellor retabla barroca do concello no parroquial de San Martiño.

Por terras do antigo condado de A Penela, cuna de la nobre familia Riobó, as aldeas se espardan pequenas e conformadas por un escaso número de vivendas debido á pouco terreo cultivable e á enorme ocupación dos bosques.

O ser humano deixou aquí unha pegada tan lonxeva que permanece no tempo en entornos etnográficos como o dos muíños de Os Abeláns, o sacro-arqueolóxico de San Brais de Folgoso ou o espazo fluvial do Pozo da Horca.



### ruta 2: TRALAS PEGADAS DOS RIOBÓ (R-2)

### ruta 2: TRAS LAS HUELLAS DE LOS RIOBÓ (R-2)



NOTA: Pida a folleto da ruta no café-bar Jarela (A Mata)



## Tríptico (I)

**Km. 0.** La ruta comienza en A Mata. Iniciamos camino hacia la iglesia de San Martiño. Pasado el cementerio, dejamos a la izquierda un desvío que baja a Soutochán que nos llevaría directo al Pozo da Horca, pero seguimos recto hacia Riobó.

**Km. 1.5.** Riobó es una aldea encajada en un valle entre montañas. En una de las cruces, podemos pedir la llave de la iglesia de San Martiño. El interior esconde maravillas de arte religioso: dos pilos bautismales antiguos, un arco triunfal con capiteles románicos, dos sepulcros con escudos de los condes de A Penela y el mejor retablo barroco del ayuntamiento. Continuamos ruta por detrás de un pequeño portal metálico que da paso a un camino por prados que cruza el arroyo de Riba da Candeia y enlaza con una cornada hacia A Penela.

La Torre da Penela es el único resto de una fortaleza medieval que vigilaba el condado del mismo nombre. Sus límites lo marcan los cruces de piedra de Belle, Beneira y campo de A Penela. El fundador del Vinhala bar Lopez Bermudez. A principios del siglo XVIII, Lorenzo Bermudez de Castro le convirtió en pazo. Los últimos apellidos nobles fueron Cizares, Foderio. Tiene formato cuadrado. En la frontal aparece un escudo y una puerta con arca de medio punto de grandes dovelas. Los cuarteles del escudo enseñan las armas del remodelador: Bermudez / Castro y Riobó. Otro escudo se encuentra en la parte baja de un torreón cónico.

Una leyenda cuenta que unos soldados tenían retenida en la cárcel de la torre una hermoisita muchacha. En un desvío, ella logró huir, pero la mataron junto a la cruz de piedra. Los vecinos, viendo la acontecida, exclaman: "Pene... delal / Pene... delal". Así se explica el nombre. Otro tradición dice que quien pasaba los límites de la cruz de piedra se tachaba. Seguimos la flecha amarilla hasta la fuente de A Penela, que nace en una ladara de la aldea. Es un conjunto de piedra en el que dos caños vierten agua en un sarcófago. La leyenda cuenta que en ella se escondió el anfitrión de una hermosa doncella blanca.

**Km. 2.** Volvernos sobre nuestros pasos. Seguimos por la pista asfaltada hacia A Barcia dejando a la izquierda Riobó. Más adelante, un desvío por el medio del monte nos lleva al valle de A Barcia (Km. 4) y desde allí una pista de tierra que bordea el río nos lleva en la aldea de Soutochán.

**Km. 4.7.** Andamos por un camino de barro que nos lleva al desvío, de ida y vuelta, para visitar el Pozo da Horca. Nos damos de bruces con la impresionante cascada de A Barabiosa, a quien Eduardo Pondal dedicó verso como estas: "Tro de Bergantiños, / mellor do xacador, / fío de A Barabiosa / sección roca son, / entre miradas estexas, / de branza e lodo ca" Se cuenta que en el fondo del Pozo da Horca se escondía una grana de oro, también se dice que desde aquí hasta la Torre da Penela via una viga de oro, además, que el pozo es un ojo del mar.

**Km. 6.** Reculamos sobre nuestros pasos y subimos a la derecha por un camino forestal hasta el castro de Folgoso y la capilla de San Brais, signo de la garganta. El castro es de pequeño tamaño y mezcla sinular, presenta como particularidad la de ser un espacio prehistórico actualizado mediante explotación de una ermita en sus orillas. La capilla data del siglo XVII, presenta plasticidad a mayor altura que la nave; en el interior, conserva un retablo barroco.

**Km. 7.2.** Nos dirigimos a Folgoso. La última visita son los tres molinos de Os Abeláns. A su lado se restauró el margen fluvial con un pequeño paseo y área recreativa.

**Km. 9.5.** Volvernos hacia la aldea de Folgoso en la que se conserva la tradición culinaria de los fillos e la piedra. La música tradicional, tocada con pandero también mantiene viva su raíz como la "panadeira" y la jota de Folgoso" tocadas con púa cerrada. Los últimos pasos nos llevan otra vez al café-bar Jarela de A Mata por una empinada carretera asfaltada.

Texto: Amparo Eirós e Xosé Manuel Varela Varela

## Sendeiros por Cabana de Bergantiños

TRALAS PEGADAS DOS RIOBÓ (R-2)  
TRAS LAS HUELLAS DE LOS RIOBÓ (R-2)

**PUNTOS DE INTERESE:**

1. LUGAR DA MATA (SAÍDA / CHEGADA)
2. IGREXA DE S. MARTIÑO DE RIOBÓ
3. TORRE DA PENELA
4. VAL DA BARCIA
5. POZO DA HORCA
6. CASTRO E CAPELA DE SAN BRAIS DO FOLGOSO
7. MUÍÑOS DOS ABELÁNS

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO, EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo

**Concello de Cabana de Bergantiños**  
Rúa do Hospital, 100 - 15102 Cabana de Bergantiños

**FEIOLGA**  
FEDERACIÓN GALIÇA DE ESCOLAS DE TURISMO

## Tríptico (II)

**Km. 0.** A ruta comeza na Mata. Iniciamos camiñada cara á igrexa de San Martiño. Pasado o cemiterio, deixamos á esquerda un desvío que baixa a Soutochán que nos levaría directos ó *Pozo da Horca*, pero seguimos recto cara Riobó.

**Km. 1.5.** Riobó é unha aldea encaixada nun val entre montañas. Nunha das casas podemos pedir a chave para acceder á igrexa de San Martiño. O interior garda marabillas de arte relixiosa: dúas pias bautismais antigas, un arco triunfal con capiteis románicos, dúas sepulturas con escudos dos condes da Penela e o mellor retablo barroco do concello. Continuamos percorrido por detrás dunha canceliña metálica que dá paso a un camiño polos prados que atravesa o regato de Riba da Canela e enlaza cunha corredeira ata a aldea da Penela.

A Torre da Penela é o único resto dunha fortaleza medieval que vixiaba o condado do mesmo nome. Os seus lindes marcábanos os cruceiros de Bello, Baneira e campo da Penela. O fundador do vínculo foi Lope Bermúdez. A principios do século XVII, Lorenzo Bermúdez de Castro converteuna en pazo. Os últimos apelidos nobres foron os do conde Javier Ozores Poderosa.

Ten formato cadrado. Na frontal aparece un escudo e unha porta con arco de medio punto de grandes doelas. Os cuarteis do escudo amosan as armas do remodelador: Bermúdez, Castro e Riobó. Outro escudo encástrase nos pés dun cabazo veciño.



Retablo barroco de San Martiño de Riobó

A lenda de orixe do nome do lugar conta que uns soldados tiñan retida no cárcere da torre unha fermosa moza. Nun descaído, ela logrou fuxir, pero déronlle morte ó pé do cruceiro. Os veciños, que vían o acontecido, exclamaron: "¡Pena... dela! ¡Pena... dela!". Outra tradición di que quen pasaba as lindes do cruceiro salvábase.

Seguimos a frecha amarela ata a fonte da Penela, que nacenunha ladeira da aldea. É un conxunto de pedra no que dous canos verten auga nun sartego. A lenda conta que nela se agocha o encanto dunha feiticeira e fermosa dama branca.

**Km. 2.** Voltamos sobre os nosos pasos. Seguimos pola pista asfaltada cara á Barcia deixando á esquerda Riobó. Máis adiante, un atallo polo medio do monte lévamos ó val da Barcia (km. 4) e desde ali unha pista de terra que bordeia o río déixanos na aldea de Soutochán.



Pozo da Horca

**Km. 4.7.** Collemos un camiño de carro que nos leva ó desvío, de ida e volta, para visitar o *Pozo da Horca*. Batemos coa maxestosa ferverza da Baiabosa, a quen Eduardo Pondal dedicou versos coma estes: "rio de Bergantiñas, / xentil e soador, / canda da Baiabosa / sae con rouco son, / entre miúdos seixos / de branca e leda cor". Cántase que no fonda do *Pozo da Horca* se esconde unha grade de ouro; tamén se di que desde aquí ata a Torre da Penela vai unha trabe de ouro; ademais, que o pozo vén ser un ollo do mar.



Castro e capela de San Brais

**Km. 6.** Recuamos sobre os nosos pasos e subimos á dereita por un camiño forestal ata o castro de Folgoso e a capela de San Brais, santa do gorxa. O castro é de pequeno tamaño e croa circular; presenta como particularidade a de ser un espazo precristián sacralizado mediante construción dunha ermida na súa acrópole. A capela data do século XVIII; presenta presbiterio a maior altura cá nave; no interior, conserva un retablo barroco.

**Km. 7.2.** Dirixímonos ó Folgoso. A derradeira visita son os tres muíños dos Abeláns. O seu carón restaurouse a marxe fluvial cun pequeno paseó e área recreativa.

**Km. 9.5.** Voltamos á aldea de Folgoso na que se conservou a tradición culinaria dos fillos á pedra. A música tradicional tocada con pandeireta kámen mantén vivas pezas como a "punteada e a xota de Folgoso" tocadas co puño pechado. Os últimos pasos lévannos outra vez ó café-bar Josefa da Mata por unha costenta pista asfaltada.



Muíños dos Abeláns



Torre da Penela